

Sada



O património BIC

As Torres de Meirás

O Decreto 299/2008, do 30 de decembro declara ben de interese cultural, coa categoría de sitio histórico, as Torres de Meirás por canto é a categoría que mellor se adecua aos valores culturais que se transmiten a través da rica estrutura espacial do conxunto de elementos que conforman as Torres de Meirás, que conteñen en se mesmos a memoria de momentos importantísimos da historia de Galicia e do Estado español.

Ademáis dos valores arquitectónicos e artísticos, destaca a súa importancia como «lugar de memoria», reflexo dun pasado burgués, cosmopolita, nobiliario e político, indubidablemente asociado con dúas personalidades históricas de gran notoriedade: a eminente escritora Emilia Pardo Bazán, unha das máis destacadas representantes españolas do naturalismo literario, e o ditador Francisco Franco, xefe do Estado español durante 40 anos.



O edificio

A construción principal, as Torres ou Pazo de Meirás, son un vasto polígono irregular, no que se elevan tres torres cadradas en esquina, de distinta altura e almenadas. As dúas torres da fachada oeste están unidas por un corpo máis baixo que acolle a capela. Entre as torres da fachada sur existe un tamén de menor altura, no que está a portada principal de acceso, que aloxa o vestíbulo. A chamada Torre de Levante ou da Quimera, na que destaca o grandioso balcón “de las musas”, engádeselle un corpo en forma de L destinado principalmente na planta alta a aloxamento e a salóns, comedores e cociña na planta baixa.

O valor histórico

As Torres de Meirás constitúen unha recreación persoal de dona Emilia, son a narración « pétrea» feita arquitectura. Son unha obra da condesa de Pardo Bazán, quen ademais as converteu en escenario creativo de moitos dos seus escritos, algo do que moi poucas construcións señoriales galegas poden presumir.

A memoria histórica impide esquecer a estreita vinculación das Torres de Meirás co ditador Francisco Franco. Desde 1939 As Torres convértense nunha das construcións máis mediáticas do franquismo, residencia estival da xefatura do Estado e lugar onde durante case catro décadas se se consellos de ministros, visitas de estado, recepcións oficiais e diversidade de actos privados e oficiais.




A Terraza

O Decreto 16/2020, do 30 de xaneiro, declara ben de interese cultural a Terraza de Sada como ben inmoble coa categoría de monumento, como parte integrante do patrimonio arquitectónico e cun nivel de protección integral.

Para a súa conservación e para a determinación das prioridades e criterios de intervención establécese a necesidade de elaborar un proxecto ou plan integral de conservación do monumento, e tamén está establecida unha delimitación e un contorno de protección do monumento.





Construído en madeira, ferro e vidro, e pensado para non durar, mantén despois de máis de cen anos toda a súa elegancia e beleza. A combinación de materiais, nas dúas plantas comunicadas por unha elegante escaleira interior, é sorprendente. “A Terraza”, non ten muros. As transparencias e o colorido dos vidros achéganos ao interior, deixándonos ver pero tamén que nos vexan. Na planta superior, mentres contemplamos as formas cíclicas da madeira e do ferro, sentimos os ritmos e o ambiente dos felices anos vinte.

Un edificio pensado para non durar

O edificio “A Terraza” (1912) foi deseñado por Antonio López Hernández para ocupar provisionalmente unha parcela no recheo da Coruña. Situado ao lado do “Hotel Atlantic”, constituía, xunto co “Quiosco Alfonso” e o “Pavillón Lindo”, o foco da actividade lúdica da cidade nas primeiras décadas do século XX.

No ano 1920, foi trasladado a Sada. Desde entón, con algunhas modificacións sobre o deseño orixinal, permanece na súa localización actual. Contemplar “A Terraza”, mergúllanos no bulicio que se vivía no seu entorno hai un século: o ir e vir do tranvía, os cafés, os bailes, as festas, etc. “A Terraza” é un edificio único no mundo.

O valor de A Terraza

A Terraza de Sada é un ben sobranceiro de Galicia polos seus valores culturais e representa un caso único de conservación dos inmobles desta tipoloxía e función na Comunidade Autónoma.

No aspecto histórico destaca por ser unha tipoloxía orixinal creada nos primeiros anos do século XX, pola novidade que supuña para unha sociedade urbana o uso de espazos públicos relacionados co cambio radical da estrutura da cidade, das comunicacións e dos estándares da calidade de vida, que ademais sobreviviu á desaparición case que absoluta dos seus coetáneos, dos cales existiron numerosos exemplos que, cunha vida efémera, non chegaron na maior parte dos casos aos nosos días.

Tamén destaca polos valores arquitectónicos e artísticos, pola calidade do deseño, os espazos de uso diáfanos, claros e vivos, tinguidos de cores e de elementos ornamentais cunha xeometría sensual e acolledora, calidade e calidez reforzada polo exercicio artesanal da produción das pezas con que está construído.

Finalmente poden destacarse valores etnolóxicos por resultar un exemplo singular, recoñecible e apreciado do pobo de Sada e en Galicia en xeral, tanto no referido ao seu uso hostaleiro como o propio cultural, punto central do modernismo entendido como un sinal identitario, e en proceso de recuperación con actividades lúdicas e culturais periódicas en que a Terraza é o punto central e máis coñecido.

En conxunto resulta un ben senlleiro, exemplo dunha arquitectura recreativa e urbana ligada ao ocio público e ás actividades culturais cunha fermosa e delicada formalización, sensible e cálida, recoñecida popularmente e cun grande aprecio a nivel social, por representar un momento histórico concreto asociado á vida social da Coruña e, principalmente, de Sada e referente na súa evolución urbana.

O uso orixinal e actual é o de hostalaría, e tamén outros complementarios relacionados co lecer e a cultura compatibles coa conservación da súa distribución e características espaciais e construtivas.

O complexo de O Castro

O Concello de Sada, aprobou no ano 2015 unha moción para instar á Xunta a declarar BIC todo o conxunto identificado como Cerámicas do Castro por considerar que reúne as condicións para ser declarado como tal na categoría de “conxunto histórico” como “agrupación de bens inmoables de carácter industrial e cultural”. A protección establecida contempla a continuidade a eses usos para a súa interpretación adecuada como a mellor forma de manter a súa autenticidade.



Un símbolo identitario de Galicia

En 1949, Isaac Díaz Pardo, decide instalar un pequeno taller cerámico nas antigas cocheiras do pazo da familia da súa muller, Carmen Arias, no Castro de Samoedo, en Sada (A Coruña). Será o xerme a partir do que se desenvolva o complexo industrial e cultural de Cerámicas do Castro.

O proxecto non responde a un deseño pre-concebido, senón que está asociado a un compromiso intelectual, social, cultural e político de reivindicación dunha identidade propia. Foi medrando, con dificultades de todo tipo, grazas ao esforzo, os recursos e a participación de personalidades senlleiras da intelectualidade galega, de galegos do exilio como Luis Seoane, que contribuíron a converter o proxecto nun modelo de síntese para a recuperación económica e cultural de Galicia.

Dende o punto de vista industrial, hai diferentes momentos destacados, seguramente o máis importante o que se inicia en 1960 cando se constrúe unha nova planta no Castro na que se incorporan á produción deseños entroncados con motivos abstracto-xeométricos tomados do románico e do barroco de Galicia, e formas que, en certa medida, gardan paralelismo co simbolismo formal da arte románica.



O Laboratorio de Formas

En 1963 créase o Laboratorio de Formas “nacido na Galicia emigrada como feito da vontade de dous artistas, que propoñen o estudo das formas desenvolvidas no pasado galego e as que aínda hoxe alentan, herdadas dese pasado, ao noso presente” tal como sinala o Manifesto do Laboratorio de Formas, redactado por Luis Seoane coa contribución de Isaac Díaz Pardo.

A creación do **Laboratorio de Formas de Galicia** constitúe o deseño das liñas estruturais básicas para a recuperación da memoria histórica. Desde el, desenvólvense proxectos para producir e reproducir obxectos industriais; recóllese (para o seu estudo e divulgación) obra e documentación do movemento renovador da arte galega a partir de Castelao; trabállase para promocionar e divulgar o estudo da historia contemporánea de Galicia, para recuperar a imaxe de Sargadelos (unha empresa que fai 200 anos desenvolverá un modelo industrial pioneiro en plantetaxamentos xurídicos e éticos de referencia), para mellorar a imaxe da información e da comunicación, e para realizar e apoiar todo tipo de investigación que tivera Galicia no seu horizonte.

Cerámicas do Castro e o Laboratorio de Formas firman un convenio para a creación do Museo Carlos Maside, das Edicións do Castro e doutras institucións ideadas para traballar na recuperación da memoria histórica de Galicia.

O **Múseo Carlos Maside** inaugúrase en 1970 como “centro cultural vivo” onde reunir parte da plástica galega contemporánea. Nos seus fondos atopamos obras de Lloréns, Castelao, Bonome, Laxeiro, Xulia Minguillón, Lugrís, Seoane, Francisco Asorey, Xosé Frau, Maside ou Colmeiro. Andrés Fernández-Albalat, diseña como contenedor, un edificio composto de varios volúmenes hexagonais e diferentes alturas, con cubrición piramidal e pintados con diferentes cores.



Torres de Meirás
(BIC Sitio Histórico)

Lorbé
Mera
Santa Cruz
AG-13

Ariño
Mera
AG-13

Santa Cruz

Oleiros
A Coruña
N-6
AP-9 A-6

A Coruña
N-6
AP-9 A-6

Veigüe

Mondego

Mosteirón

Soñeiro

Betanzos
Ferrol
Lugo
Madrid
N-6
AP-9 A-6

Carnedo

Osedo



Cerámicas do Castro
(solicitud declaración BIC)



A Terraza
(BIC Monumento)

Bergondo
Betanzos
Ferrol
N-6
AP-9 A-6

AP-9 A-6

- Via de alta capacidade
- Estrada estatal
- Estrada autonómica
- Estrada provincial
- - - Liña transporte público
- - - Carril bici

0 750 1.500 m

